

ACTA DA PROBA DO COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V DO CONCELLO DE MEIS, E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA

Nas dependencias da Casa Consistorial do Concello, sito en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis), sendo as 10:00 horas do día 18 de xuño de 2025, reúnen os membros do tribunal cualificador para a realización da proba de coñecemento do idioma galego, no marco do proceso selectivo para a provisión, mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0244, de data 25 de abril de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 82, do venres 2 de maio de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: D. Rodrigo Parada Vázquez, Operario do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, dáse conta que de conformidade coas bases que rexen a convocatoria, os aspirantes deben acreditar estar en posesión do título CELGA 2 ou equivalente. No caso de que non se posúa este título realizarase un exame de galego que será cualificado como “apto” ou “non apto”, sendo necesario acadar a cualificación de “apto” para terse por cumprido este requisito.

A estes efectos, compróbase que o aspirante DACOSTA GONZÁLEZ JUAN, con D.N.I. número **4850**, NON acredita na documentación que achega na solicitude o coñecemento do galego (CELGA 2 ou título equivalente).

O Tribunal, por unanimidade dos seus integrantes, con carácter previo á realización da proba, acorda realizar unha exercicio único consistente na tradución dun texto do galego ao castelán, nun tempo máximo de 30 minutos, considerando apta a proba de galego cando o candidato non supere o máximo de erros permitidos que se fixa en dez (10).

De seguido, se procede ao chamamento do aspirante para a realización da proba, segundo as bases da convocatoria. Infórmase *in voce* ao aspirante sobre o contido da mesma.





Realizada a proba sobre o coñecemento do idioma galego, o resultado da mesma é o seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	APTO/NON APTO
1	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	**4850***	NON APTO

Sendo as 10:50 horas, dáse por rematado o acto. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinándoa dixitalmente con visto e praxe da Presidencia.

